



O servizo de axuda no fogar (SAF) é un **servizo público de carácter local** consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

Poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente **cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.**

Así mesmo ten carácter subsidiario de outros servizos de este Concello e poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social. (Darase **prioridade no acceso ao servizo** ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do SAAD)

Obxectivos

1. Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
2. Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
3. Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
4. Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
5. Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
6. Retardar ou evitar a institucionalización.
7. Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

O conxunto de atencións do SAF terá un **carácter de apoio e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu medio inmediato**, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Para máis información poderá dirixirse aos Servizos Sociais Comunitarios básicos do Concello de Lalín solicitando cita previa a fin de realizar un estudo, diagnose, programación, execución e avaliación da situación individualizada de cada caso.